



POR QUE NON PENSAMOS O QUE FACEMOS?

Sentado na miña habitación, sen saber que facer, comecei a pensar no que estamos a facer co noso planeta. Pensei en que nós somos uns seres desagradecidos con todo o que está ao noso carón. Déronnos un mundo para que puidésemos vivir, nun lugar agradable, e nós estámolo destruíndo.

A quen non lle gustaría vivir cen anos? A quen non lle gustaría vivir nun sitio sen contaminación? A

min gustárame e penso que aos animais e plantas tamén. Pero pola nosa culpa non poden disfrutar da súa vida, xa que, por exemplo, arroixamos lixo aos ríos, nos montes, nas praias..., cando temos miles de contedores de lixo ao noso



arredor. Quen non viu algún espectáculo destes nos seus paseos a estes lugares?

Tamén hai xente que queima os bosques e, que pasa cos seres vivos que habitan neles? O máis probable, se teñen a sorte de saír vivos, é que morran, porque destruímos o seu hábitat e non están acostumbrados a vivir noutro; e eu preguntome, gustaríanos que un día vaia alguén ás nosas casas e as queime?

Isto só é un exemplo do que pasa no noso mundo, pero o que temos e que concienciarnos de que se convivimos coas nosas familias e todos cooperamos e coidamos as nosas casas, tamén debemos cooperar, todos xuntos, e coidar a outra casa grande que é de todos. Debemos reflexionar sobre o importante que é isto porque se non, que lles vamos deixar ás xeracións que veñen detrás de nós?

Amigos e amigas, eu só quero que entendades que o que é de todos témolo que coidar todos, porque así seremos máis felices e estaremos máis sans.

Jesús Soengas Gómez. 3º B - ESO

CAMBIOS NA ESTRUCTURA FAMILIAR

Hai menos de cincuenta anos, o tipo de familia que dominaba no país era a familia extensa, formada por unha parella e os seus fillos, algúns avós e tíos e tías solteiros. As mulleres da familia traballaban no fogar, ocupábanse dos nenos e das nenas, dos enfermos e das persoas maiores.

Na actualidade predomina a familia pequena, formada polos pais e un ou dous fillos, e en moitos casos a muller traballa fóra da casa. A familia actual implica outra organización social, con medios sanitarios en caso de enfermidade.

Tamén existen outro tipo de familias, formadas polo pai



ou nai sós, sen parella, cos fillos, porque están separados, divorciados ou viúvos. Existen outros tipos de familias, como as parellas con fillos de outros matrimonios. Tamén se multiplican os fogares cunha única persoa que decide vivir de forma independente.

Ao longo do tempo, como

se pode observar, houbo moitos cambios nos tipos de familias.

Tamén aumentaron as casas, porque hoxe a xente non se conforma cun piso, senón cunha casa na que caben moitas máis persoas das que viven. Por exemplo, as aldeas, están quedando baleiras, porque aínda que pareza que hai xente pola cantidade de fogares, a realidade é que están soas e os seus propietarios viven noutro lado. Tamén hai casas moi vellas, que penso que, aínda que foran das nosos devanceiros, habería que reconstruír ou arranxalas para poder vivir nelas.

Laura Ayude Puga. 3º B